



ACORDO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE FORMACIÓN NO CONSELLO GALEGO DE CONSUMIDORES E USUARIOS

Na sesión que se celebrou o día 9 de maio de 2018, a comisión de valoración encargada de avaliar as solicitudes para concesión dunha bolsa de formación no Consello Galego de Consumidores e Usuarios, convocada por Resolución do 15 de febreiro de 2017 (DOG núm. 41, do 27 de febreiro de 2018), segundo o establecido nas bases reguladoras da citada resolución, acorda:

Publicar na páxina web do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (<http://consumo.xunta.gal>) as listas provisionais de persoas admitidas (Anexo I) e non admitidas (Anexo II).

De conformidade co previsto no artigo 16.2 das bases reguladoras, as persoas interesadas poderán presentar reclamación contra as listas provisionais no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (<http://consumo.xunta.gal>). Neste prazo de reclamacións non se terá en conta a achega de novos méritos que non fosen acreditados documentalmente no prazo de presentación das solicitudes.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

A xerente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia



María Jesús Muñoz Chesa